


# Biografía dun campión

**E**ste prodixio do baloncesto nace en Barcelona o 6 de xuño de 1980. Pau Gasol medra en Sant Boi de Llobregat e empeza os seus inicios no mundo do baloncesto no equipo do seu colexio, o “Llor”.

Pronto pasa a formar parte do C.B. Cornellá onde xoga como base cunha altura de 1’85 m., co obxectivo de que adquira un bo dominio da pelota e ó mesmo tempo poder controlar ben o partido.

Pouco despois ficha polo F.C. Barcelona, e na tempada 97-98 proclámase campión de España Júnior co Barça. A partir deste momento a carreira de Gasol caracterízase polos seus triunfos no club azulgrá (Liga ACB) e na selección española (Mundial Júnior Lisboa’99).



**No ano 2000 comeza os seus estudos de medicina, pero decide abandonalos ó pouco tempo para dedicarse por completo o baloncesto**

No ano 2000 comeza os seus estudos de medicina, pero decide abandonalos ó pouco tempo para dedicarse por completo o baloncesto. Na tempada 2000-2001 Gasol empeza a destacar e o seu adestrador a darlle protagonismo nos partidos.

Un dos momentos máis extraordinarios de Gasol foi a victoria do Barça fronte o Real Madrid, onde foi nomeado mellor xogador do partido cun total de 25 puntos e 6 rebotes.

Todo o esforzo que este xogador empregou nos adestramentos veuse recompensado o 27 de xuño de 2001, ano no que se incorpora ás filas do equipo da NBA “Atlanta Hawks”. Pero o

seu triunfo non se vería neste equipo, xa que foi intercambiado ós “Memphis Grizzlies” polo xogador Abdulrahim.

Na NBA Gasol non destacou moito nos primeiros partidos, nos que a penas entraba en xogo. Pero co tempo foise adaptando ó equipo e pouco a pouco foi gañando a confianza do seu adestrador e do público.

Polo seu xogo a NBA concedeuulle a Gasol o título de “Rookie” (mellor xogador novato da tempada) do ano. Título que ningún europeo gañara con anterioridade.

El mesmo considérase unha persoa simpática e alegre, que confía nos seus amigos. A súa cidade favorita é Barcelona. O escritor que máis lle gusta é Antonio Machado, e en canto ó seu cantante favorito decántase por Phil Collins. O seu animal, o cabalo, a súa cor, o amarelo. O seu dorsal nos “Memphis Grizzlies” é o 16, aínda que o seu número favorito é o 2

**O escritor que máis lle gusta é Antonio Machado, ó seu cantante favorito é Phil Collins. O seu animal, o cabalo, a súa cor, o amarelo. O seu número preferido é o 2.**